

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 10 DE NOVEMBRO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día dez de novembro de dous mil vinte, baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde don Juan González Leirós, por imposibilidade de asistencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa dona Maria Dolores Pan Lesta.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, do borrador da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 3 de novembro de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 3 de novembro de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Juan González Leirós, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Real decreto 956/2020, do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, de 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. (Boletín Oficial do Estado número 291, do 4 de novembro de 2020).

- Resolución de 29 de outubro de 2020, do Congreso dos Deputados, pola que se ordena a publicación do acordo da autorización da prórroga do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. (Boletín Oficial do Estado número 291, do 4 de novembro de 2020).

- Decreto 179/2020, do presidente da Xunta de Galicia, do 4 de novembro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. (Diario Oficial de Galicia número 223-Bis, do 4 de novembro de 2020).

- Orde do 4 de novembro de 2020, da Consellería de Sanidade, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 223-Bis, do 4 de novembro de 2020).

- Orde do 29 de outubro de 2020, da Consellería de Política Social, pola que se modifica a Orde do 6 de agosto de 2019 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais para programas de emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os anos 2019 a 2021, cofinanciada polo Fondo Social Europeo no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020 (código de procedemento BS623C). (Diario Oficial de Galicia número 225, do 6 de novembro de 2020).

3º.- Expedientes de contratación

3.1 Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C006/000007, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación, de apreciación automática), correspondente á suscripción dunha póliza de seguro colectivo de accidentes para o persoal do Concello de Cambre e membros da Corporación municipal.

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 5 de novembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data de 15 de marzo de 2018, asinouse entre o Concello de Cambre e a entidade “ Chubb European Group Limited, Sucursal en España” o contrato para a suscripción dunha póliza de seguro colectivo de accidentes para o persoal do Concello de Cambre e membros da Corporación, cunha vixencia máxima ata o 31 de decembro de 2020.

Tendo en conta a vixencia da póliza subscrita, resulta necesario proceder á tramitación dun expediente contractual , motivado na necesidade de contar coa correspondente póliza que garanta a cobertura por accidentes laborais e accidentes “ in itinere” que poidan sufrir os asegurados no exercicio das funcións correspondentes ao posto de traballo ou cargo que ostenten, durante as 24 horas do día e en calquera lugar do mundo, tendo a condición de asegurados o persoal do Concello de Cambre, así como os membros da Corporación Municipal, dada a inmediatez do vencemento da actual póliza en vigor.

Con data do 2 de novembro de 2020, elaborouse polo mediador de seguros contratado polo Concello de Cambre, da correduría “B.V.C. Artai, Correduría de Seguros, S.A.”, o prego de prescricións técnicas para a contratación da citada póliza, cun importe de prima anual máximo de 18.000,00 euros.

Con data do 2 de novembro de 2020, asínase polo mediador de seguros contratado polo Concello de Cambre, da correduría “B.V.C. Artai, Correduría de Seguros, S.A.”, o informe técnico relativo aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores, penalidades administrativas, obrigas esenciais e condicións especiais de execución do contrato .

Coa mesma data do 02/11/2020 asínase polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime interior a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade , insuficiencia de medios , xustificación da non división en lotes e da

elección do procedemento , cun valor estimado total de 59.400,00 euros e un orzamento base de licitación de 18.000,00 euros.

Consta Informe de Intervención asinado o 1 de novembro de 2020 pola técnica de xestión orzamentaria de gastos e contabilidade, respecto da existencia no orzamento de 2020 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 920.22400

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos , de data 3 de novembro actual, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado , de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido con data 05/11/2020 pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaria xeral da Corporación e que contén a proposta de acordo a adoptar, e visto o informe de fiscalización emitido polo interventor municipal, da mesma data , favorable á aprobación do expediente de contratación.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO :

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para cumprir coas competencias que ten atribuídas o Concello na súa calidade de Administración Pública con personalidade xurídica e con persoal e patrimonio propio, de conformidade co establecido na normativa de seguros (Lei 50/80 do contrato de seguros, e Lei 26/2006 de mediación de seguros e reaseguros privados), polo que cómpre contar coa correspondente póliza de seguro que garanta, entre outros , a cobertura por accidentes laborais e accidentes “ in itinere” que poidan sufrir as persoas que traballen para o Concello de Cambre no exercicio das funcións correspondentes ao posto de traballo ou cargo que ostenten, e dada a inmediatez do vencemento da actual póliza en vigor, esto conforme á regulación establecida no dereito privado e á responsabilidade patrimonial da Administración Pública, co que queda debidamente xustificada a necesidade do contrato para cumprir cos fins institucionais segundo o previsto no artigo 28 da LCSP.

En concreto, o obxecto desta contratación consiste na contratación dunha póliza de seguros que, con efectos desde as 00:00 horas do día 1 de febreiro de 2021, dea cobertura aos accidentes laborais e accidentes “ in itinere” que poidan sufrir os asegurados no exercicio das funcións correspondentes ao posto de traballo ou cargo que ostenten, durante as 24 horas do día e en calquera lugar do mundo, tendo a condición de asegurados o persoal do Concello de Cambre, así como os membros da Corporación .

Con esto queda debidamente xustificada a necesidade da contratación para cumprir cos fins institucionais segundo o previsto nos artigos 1, 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2020/C006/000007, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación, de apreciación automática), correspondente á suscripción dunha póliza de seguro colectivo de accidentes para o persoal do Concello de Cambre e membros da Corporación municipal , cun valor estimado total de 59.400,00 euros e un orzamento base de licitación de 18.000,00 euros , isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159 e concordantes da LCSP.

Terceiro: O presente expediente de contratación está suxeito a tramitación anticipada, de conformidade co establecido na Disposición adicional 3ª. Punto 2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público. Esta circunstancia débese a que a execución material do presente contrato comezará no exercicio orzamentario de 2021, tendo en conta que a efectividade da póliza que se vai contratar comezará o día 1 de febreiro de 2021. Por tanto, tal e como se contempla na disposición adicional 3ª.2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público, que establece que *“Se poderán tramitar anticipadamente os contratos cuxa execución material haxa de comezar no exercicio seguinte (...), sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente”*, tanto a adxudicación do presente contrato, como as súas posibles prórrogas, quedan suxeitas á condición suspensiva da efectiva existencia de crédito no exercicio orzamentario correspondente.

Cuarto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por :

Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

O xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior don Emilio Martínez Cubero, e como suplente, o xefe da Unidade de Réxime Interior municipal

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona Mª Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Sexto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Sétimo: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 30 de outubro ao 5 de novembro de do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1636/2020 e remata coa resolución da Alcaldía número 1671/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1636/2020	30-10-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 4980,50 €
1637/2020	30-10-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 12.879,82 euros
1638/2020	30-10-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 3 de novembro de 2020
1639/2020	30-10-2020	Aprobación da concesión bolsas deportistas 2020
1640/2020	30-10-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 1.819,98 euros
1641/2020	30-10-2020	Concesión licenzas administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos a n.p.p. e inscrición de 941000022529123
1642/2020	30-10-2020	concesión licenzas admnistrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos e inscrición de 941999925419494, 941000017459181 e 941000012789814. Solicitante: JMMD
1643/2020	30-10-2020	Renovación licenzas administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos. Solicitante: ADBV
1644/2020	30-10-2020	Renovación licenzas administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos. Solicitante: AAMC
1645/2020	30-10-2020	Concesión licenzas administrativa para tenza de animais potencialmente perigosos. Solicitante: IIV
1646/2020	30-10-2020	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 4 de novembro de 2020
1647/2020	30-10-2020	Concesión de Subvencións - Incentivos á contratación do alumnado traballador do obradoiro de emprego "Proxedis - Proweb"
1648/2020	02-11-2020	Expediente de xeración de crédito número 9/2020. Subvención PEL-Reactiva
1649/2020	02-11-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación durante un máximo de 18 meses condicionado ao cumprimento do proxecto (aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora). Solicitante: MLL
1650/2020	02-11-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación durante 18 meses condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: RRL
1651/2020	02-11-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación durante 18 meses condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MGJ
1652/2020	02-11-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación durante 18



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		meses condicionada ao cumprimento do proxecto. (aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora). Solicitante: ICT
1653/2020	02-11-2020	Concesión axuda emerxencia social vale alimentos durante un período de 18 meses (aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora). Solicitante: BBR
1654/2020	02-11-2020	Reposición legalidade urbanística por colocación de maceteros invadindo a vía pública en rúa Drozo, 38, Cambre. Propiedade: JVR e ESC
1655/2020	02-11-2020	Expediente sancionador por realización de actividade de hostelería sen licenza en Pazo de Brexo, Cambre. Propiedade: CJ S.L.
1656/2020	02-11-2020	Reposición legalidade urbanística por obras realizadas en finca sita en Sobrecarreira, Sigrás colindante co pazo de Sobrecarreira sen comunicación previa ou licenza presentada. Propiedade: CPVV
1657/2020	02-11-2020	Subministración e colocación material eléctrico necesario para mellorar e arranxar as deficiencias na instalación eléctrica no campo de fútbol da Barcala (aseos, oficina, lavandaría, local limpeza e cantina)
1658/2020	02-11-2020	Servizos de coordinación de seguridade e saúde na obra reforma ximnasio
1659/2020	03-11-2020	Contrato menor: adquisición de cintas de sinalización como medidas de prevención e seguridade fronte ao covid 19 para as dependencias municipais
1660/2020	03-11-2020	Comparecencia no procedemento abreviado nº 0118/2020-m: recurso contencioso-administrativo interposto por ABC
1661/2020	03-11-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
1662/2020	03-11-2020	Reintegro de fondos subvención RISGA 2016
1663/2020	03-11-2020	Convocatoria Xunta Voceiros extraordinaria o día 9 de novembro ás 13 horas
1664/2020	03-11-2020	Reparación da instalación de rega no parque da Igrexa
1665/2020	04-11-2020	Aprobación do pagamento fraccionado do Imposto sobre o valor da produción da enerxía eléctrica de 2020
1666/2020	04-11-2020	Denegación axuda aluguer. Solicitante: IRG
1667/2020	04-11-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
1668/2020	04-11-2020	Aprobación de bases específicas do programa PEL REACTIVA
1669/2020	04-11-2020	IRF Aprobación de altas no Proxecto PRISMA 2020
1670/2020	05-11-2020	Transporte metropolitano
1671/2020	05-11-2020	Persoamento e solicitude á Excma. Deputación provincial da Coruña para que a súa Asesoría Xurídica se faga cargo da defensa xudicial no recurso contencioso administrativo, procedemento ordinario núm. 123/2020. (NIG 15030 45 3 2020 0000469) interposto por EDAR BENS SA

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C006/000006, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación, de apreciación automática), correspondente á suscripción dunha póliza de seguro colectivo de accidentes para voluntarios de Protección Civil do Concello de Cambre
- Proposta de adxudicación da “Subministración dunha máquina fregadora/aspiradora industrial con conductor sentado” á empresa DARLIM, SL. no prezo ofertado de 5.890€ sen IVE, 7.126,90 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000167
- Proposta de adxudicación da “Subministración de equipos para desatascos” á empresa BULLFUEGO, S.L.U. no prezo ofertado de 13.140,00 € sen IVE, 15.899,40 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000016
- Proposta de adxudicación do contrato para a execución da Reforma do Ximnasio do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, á entidade Arkivolta Construcción y Mantenimientos, S.L. no prezo ofertado de 29.000,00 € sen IVE, 35.090,00 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000156

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A) Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C006/000006, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación, de apreciación automática), correspondente á suscripción dunha póliza de seguro colectivo de accidentes para voluntarios de Protección Civil do Concello de Cambre

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 6 de novembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data de 27 de marzo de 2018, asinouse entre o Concello de Cambre e a entidade “Vida Caixa SAU de Seguros e Reaseguros” o contrato para a suscripción dunha póliza de seguro colectivo de accidentes para voluntarios de protección civil do Concello de Cambre, cunha vixencia máxima ata o 31 de decembro de 2020.

Tendo en conta a vixencia da póliza subscrita, resulta necesario proceder á tramitación dun expediente contractual , motivado na necesidade de contar coa correspondente póliza que garanta a cobertura por accidentes para os voluntarios de Protección Civil do Concello de Cambre durante os seus labores propios nas súas funcións como voluntarios, (incluídos accidentes “ in itinere”), non estando pois incluídos os sinistros que poidan ocorrer na súa vida particular, ésto dada a inmediatez do vencemento da actual póliza en vigor .

Con data do 29 de outubro de 2020, elaborouse polo mediador de seguros contratado polo Concello de Cambre, da correduría “B.V.C. Artai, Correduría de Seguros, S.A.”, o prego de prescricións técnicas para a contratación da citada póliza, cun importe de prima anual máximo de 2.000,00 euros.

Con data do 29 de outubro de 2020, asínase polo mediador de seguros contratado polo Concello de Cambre, da correduría “B.V.C. Artai, Correduría de Seguros, S.A.”, o informe técnico relativo aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores, penalidades administrativas, obrigas esenciais e condicións especiais de execución do contrato .

Con data do 2 de novembro de 2020 asínase polo coordinador de Protección Civil do Concello de Cambre a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade , insuficiencia de medios , xustificación da non división en lotes e da elección do procedemento , cun valor estimado total de 6.600 euros e un orzamento base de licitación de 2.000,00 euros.

Consta Informe de Intervención asinado o 1 de novembro de 2020 pola técnica de xestión orzamentaria de gastos e contabilidade, modificado con data do 5 de novembro de 2020, respecto da existencia no orzamento de 2020 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 135.22400

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos , de data 2 de novembro actual, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado , de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido con data 05/11/2020 pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaria xeral da Corporación e que contén a proposta de acordo a adoptar, e visto o informe de fiscalización emitido polo interventor municipal, da mesma data , favorable á aprobación do expediente de contratación.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO :

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para cumprir coas competencias que ten atribuídas o Concello na súa calidade de Administración Pública con personalidade xurídica e con persoal e patrimonio propio, de conformidade co establecido na normativa de seguros (Lei 50/80 do contrato de seguros, e Lei 26/2006 de mediación de seguros e reaseguros privados), atendendo ademais ás competencias municipais que en materia de protección civil atribúen aos Concellos os arts. 25.2. f) e 26.1 da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, constituíndo ademais un servizo mínimo obrigatorio nos municipios de máis de 20.000 habitantes, polo que fai falta contar coas correspondentes pólizas de seguros que garantan a cobertura dos accidentes que poidan sufrir os voluntarios que colaboran co servizo de Protección Civil no Concello de Cambre en canto Administración Pública, co que queda debidamente xustificada a necesidade do contrato para cumprir cos fins institucionais segundo o previsto nos arts. 1, 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

En concreto, o obxecto desta contratación consiste na contratación dunha póliza de seguros que, con efectos desde as 00:00 horas do día 1 de febreiro de 2021, garanta a cobertura por accidentes para os voluntarios de Protección Civil do Concello de Cambre durante os seus labores propios nas súas funcións como voluntarios, (incluídos accidentes " in itinere"), non estando pois incluídos os sinistros que poidan ocorrer na súa vida particular, ésto dada a inmediatez do vencemento da actual póliza en vigor .

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2020/C006/000006, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación, de apreciación automática), correspondente á suscripción dunha póliza de seguro colectivo de accidentes para voluntarios de Protección Civil do Concello de Cambre , cun valor estimado total de 6.600,00 euros e un orzamento base de licitación de 2.000,00 euros , isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159 e concordantes da LCSP.

Terceiro: O presente expediente de contratación está suxeito a tramitación anticipada, de conformidade co establecido na Disposición adicional 3ª. Punto 2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público. Esta circunstancia débese a que a execución material do presente contrato comezará no exercicio orzamentario de 2021 , tendo en conta que a efectividade da póliza que se vai contratar comezará o día 1 de febreiro de 2021. Por tanto, tal e como se contempla na disposición adicional 3ª.2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público,

que establece que “Se poderán tramitar anticipadamente os contratos cuxa execución material haxa de comezar no exercicio seguinte (...), sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente”, tanto a adxudicación do presente contrato, como as súas posibles prórrogas, quedan suxeitas á condición suspensiva da efectiva existencia de crédito no exercicio orzamentario correspondente.

Cuarto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por :

Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

O xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior don Emilio Martínez Cubero, e como suplente, o xefe da Unidade de Réxime Interior municipal

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Sexto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Sétimo: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Proposta de adxudicación da “Subministración dunha máquina fregadora/aspiradora industrial con conductor sentado” á empresa DARLIM, SL. no prezo ofertado de 5.890€ sen IVE, 7.126,90 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000167

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 9 de novembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 22/09/2020 asínase polo coordinador deportivo municipal, don José Amando Pena Vila, a Memoria valorada para a subministración dunha máquina fregadora-aspiradora industrial, cun importe de 7.900 euros sen IVE, 9.559,00 euros IVE incluído.

Con data 23/09/2020 emítese proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e pola Concelleira Delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, no que se motiva a necesidade da “Subministración dunha máquina fregadora/aspiradora industrial con conductor sentado”, para a correcta prestación de servizo e uso das instalacións deportivas municipais que serán obxecto das actuacións derivadas deste contrato, en cumprimento das competencias que o Concello de Cambre ten na promoción do deporte e instalacións deportivas conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado I) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, tendo en conta que o Concello debe velar pola óptima limpeza e desinfección dos edificios municipais e máis coa situación covid19, polo que se considera a citada subministración urxente e necesaria debido ao uso intensivo da instalación. Preténdese a adquisición dunha máquina fregadora/aspiradora para a limpeza e desinfección diaria no pavillón deportivo Os Campóns coa intención de mellorar o estado da superficie deportiva desta instalación que teñen un uso intensivo.

Con data 21/10/2020 emítese documento de retención de crédito pola Intervención municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 342 62300, (Maquinaria, instalacións técnicas de instalacións deportivas), sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 30/10/2020 emítese informe asinado polo coordinador de deportes e polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal, no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- NOUCAR, S.L.
- BESCAL, S.L.
- DARLIM, S.L.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
NOUCAR, S.L.	7.700,00 €	9.317,00 €
BESCAL, S.L.	6.250,00 €	7.562,50 €
DARLIM, S.L.	5.890,00 €	7.126,90€

formulando proposta de adxudicación da “Subministración dunha máquina fregadora/aspiradora industrial con conductor sentado”, á empresa DARLIM, SL. con NIF B3661****, domicilio en Avenida Principal (pg Industrial Granxa), 67, o Porriño, 36400 -Pontevedra, no prezo ofertado de 5.890€ sen IVE, 7126,90 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras,

servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 05 de novembro de 2020, e mailo informe de fiscalización nº JUA NUM 360/2020, emitido polo interventor da Corporación con data do 06 de novembro de 2020.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de instalacións deportivas e ocupación do tempo libre (art. 25.2.l) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local), así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar a memoria valorada elaborada con data 22/09/2020 polo coordinador deportivo municipal, para a subministración dunha máquina fregadora-aspiradora industrial, cun importe de 7.900 euros sen IVE, 9.559,00 euros IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342 62300.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000167, da subministración de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato da "Subministración dunha máquina fregadora/aspiradora industrial", á empresa DARLIM, SL. con NIF B3661****, domicilio en Avenida Principal (pg Industrial Granxa), 67, O Porriño, 36400 - Pontevedra, no prezo ofertado de 5.890€ sen IVE, 7126,90 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración aplicable no presente procedemento, sendo este o factor prezo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.3 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Désígnase como responsable do contrato ao coordinador deportivo, don José Amando Pena Vila, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese a don José Amando Pena Vila, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Proposta de adxudicación da “Subministración de equipos para desastascos” á empresa BULLFUEGO, S.L.U. no prezo ofertado de 13.140,00 € sen IVE, 15.899,40 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000016

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 9 de novembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 23/01/2020 emítase proposta-informe de necesidade de contratación asinado pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, a concelleira-delegada de Servizos e Seguridade Cidadana, e a concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, motivado na necesidade de contar cun equipo portátil composto por remolque, motor, bomba, manguera, porta manguera, lanza, boquilla e outros elementos auxiliares para o seu emprego en desastascos a executar pola Brigada de Obras nas instalacións dependentes do concello de Cambre, esto tendo en conta que o gasto anual na contratación do servizo de desastasco é elevado e a amortización do equipo resultaría moi rápida, cun orzamento base de licitación sen IVE de 14.900,00 €, (18.029,00 € IVE incluído), isto de conformidade co establecido no artigo 118 da LCSP.

Con data 05/09/2020 emítase documento de retención de crédito pola Intervención municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 160 62300, (Maquinaria mantemento rede de sumidoiros), sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 02/10/2020 emítase informe pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- BULLFUEGO, S.L.U.
- SEPYMEDICAL, S.L.U.
- HERMANOS VILLAR, S.L.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
BULLFUEGO S.L.U.	13.140,00 €	15.899,40 €
HERMANOS VILLAR S.L.	13.500,00 €	16.335,00 €

formulando proposta de adjudicación da “Subministración de equipos para desatascos”, á empresa BULLFUEGO, S.L.U., con NIF B1597...., domicilio en Polígono Industrial “A Granxa” na rúa José Espronceda, 1-2, 15180 Culleredo (A Coruña), no prezo ofertado de 13.140,00 € sen IVE, 15.899,40€ IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 04 de novembro de 2020, e mailo informe de fiscalización nº JUA NUM 361/2020, emitido polo interventor da Corporación con data do 07 de novembro de 2020.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de infraestrutura viaria y otros equipamientos de su titularidad (art. 25.2.d) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local), así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar a proposta-informe de necesidade de contratación asinado pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, a concelleira-delegada de Servizos e Protección Cidadana, e a concelleira de Facenda, Economía e Recursos Humanos, cun importe de 14.900,00 €, (18.029,00 € IVE incluído), así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 160 62300.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000016, da subministración de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adjudicar o contrato da “Subministración de equipos para desatascos”, á empresa BULLFUEGO, S.L.U., con NIF B1597...., domicilio en Polígono Industrial “A Granxa” na rúa José Espronceda, 1-2, 15180 Culleredo (A Coruña), no prezo ofertado de 13.140,00 € sen IVE, 15.899,40€ IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.3 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Désígnase como responsable do contrato a enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese a, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

D) Proposta de adjudicación do contrato para a execución da Reforma do Ximnasio do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, á entidade Arkivolta Construcción y Mantenimientos, S.L. no prezo ofertado de 29.000,00 € sen IVE, 35.090,00 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000156

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 10 de novembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 13 de febreiro de 2020 asinouse polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, o documento denominado “Anteproxecto de actuacións de reparación e mellora do ximnasio municipal “Oliver Díaz Docando”, anexo ás instalacións do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, cun orzamento de 30.286,36 € sen IVE, 36.646,50€ IVE incluído.

Dito documento describe a situación das instalacións, nas que, debido á antigüidade da edificación e a un precario mantemento, foron aparecendo diversos defectos como humidades, fisuras, etc. Ademais, as portas que dan acceso ao edificio desde o patio do colexio son de madeira. No aspecto funcional, conta cunha falta manifesta de espazo onde se poidan refuxiar os pais que van a recoller aos seus fillos ao finalizar as actividades extraescolares, e que deben permanecer á intemperie. No interior, o chan situado arredor do tatami carece dun pavimento axeitado para a necesaria transición entre este e a plaqueta existente.

A actuación proposta para a mellora das instalacións inclúe o saneado de humidades de capilaridade en fachadas con creación dun zócalo deshumectante, colocación de novas baixantes de aluminio, limpeza de canelón, cuberta e fachadas, reparación de gretas de fachada, machóns e linteles de carpintería exterior, pintado de interiores, realización de marquesina exterior, revestimento de fachadas e selado de carpinterías exteriores,

substitución da porta de madeira por unha de aluminio e colocación de tarima flotante vinílica bordeando o tatami existente.

Con data 17/09/2020 emítese proposta-informe de necesidade de contratación, asinado polo coordinador de Educación e Cultura municipal, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e polo alcalde, motivado na necesidade de ofrecer unha correcta prestación do servizo e uso das instalacións deportivas municipais, conforme ao artigo 25.2. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Réxime Local que contempla entre as competencias municipais a “*promoción do deporte, instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre*”, así como á Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, que no seu artigo 8.3, sinala como competencias municipais “*Construir, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal ... velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade ... coidar as súas condicións de hixiene e seguridade*”. Ademais, a actuación prevista considérase urxente debido ao uso intensivo da instalación, e dada a situación xenerada pola COVID -19, que obriga a habilitar máis espazos para o uso dos alumnos do CEIP Wenceslao Fernández Flórez durante o horario lectivo, así como para as actividades organizadas polas ANPAS e clubs deportivos. Isto de conformidade co establecido no artigo 118 da LCSP.

Con data 21/10/2020 emítese documento de retención de crédito pola Intervención municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 342. 62200, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 30/10/2020 emítese informe asinado polo coordinador deportivo municipal coa conformidade do coordinador de actividades Culturais e Educativas municipal, no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- ALVAC, S.A.
- NARÓN SERVICIOS DE MEDIO AMBIENTE, S.L.
- ARKIVOLTA CONSTRUCCIÓN Y MANTENIMIENTOS, S.L.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
ALVAC, S.A.	30.286,36€	36.646,50€
NARÓN SERVICIOS DE MEDIO AMBIENTE, S.L.	30.134,92€	36.463,26€
ARKIVOLTA CONSTRUCCIÓN Y MANTENIMIENTOS, S.L.	29.000,00 €	35.090,00 €

formulando proposta de adxudicación da obra de “Reforma do Ximnasio do CEIP Wenceslao Fernández Flórez” á entidade ARKIVOLTA CONSTRUCCIÓN Y MANTENIMIENTOS, S.L. con NIF B700***** e domicilio en rúa Manuel Azaña nº 5 baixo - 15.670 Culleredo (A Coruña), no prezo ofertado de 29.000,00 € sen IVE, 35.090,00 € IVE engadido, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de adxudicación, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras,

servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 9 de outubro de 2020, e mailo informe de fiscalización nº 364/2020, emitido polo interventor da Corporación con data do 9 de novembro de 2020.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, contempladas no artigo 25.2.l) da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar o “Anteproxecto de actuacións de reparación e mellora do ximnasio municipal Oliver Díaz Docando”, anexo ás instalacións do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, elaborado polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, cun orzamento de 30.286,36 € sen IVE, 36.646,50€ IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342. 62200.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000156, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato da “Reforma do Ximnasio do CEIP Wenceslao Fernández Flórez” á empresa ARKIVOLTA CONSTRUCCIÓN Y MANTENIMIENTOS, S.L. con NIF B700***** e domicilio en rúa Manuel Azaña nº 5 baixo - 15.670 Culleredo (A Coruña), no prezo ofertado de 29.000,00 € sen IVE, 35.090,00 € IVE engadido, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración aplicable no presente procedemento para a selección da oferta máis vantaxosa (factor prezo).

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: : De conformidade coa Resolución de alcaldía nº 1658/2020 de 2 de novembro 2020, expediente de contrato menor nº 2020/C002/000172, a coordinación de seguridade e saúde correspóndelle á entidade Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste S.L.U. (IPRENOR).

Sétimo Designar como directora de obra e responsable do contrato á arquitecta técnica municipal dona Susana Bahamonde López, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada, contando coa colaboración do coordinador de Deportes municipal, don José Amando Pena Vila.

Oitavo: Notifíquese á arquitecta técnica e ao coordinador de Deportes municipais, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Noveno: Notificar os presentes acordos aos interesados, así como á entidade adxudicataria da coordinación de seguridade e saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaloo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e vinte minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Juan Leirós González

A secretaria
Maria Luisa de la Red Ampudia